

"Esta é unha batalla que terán que loitar as mulleres novas. Hai trinta anos pensabamos que a batalla acabaría pronto, pero a igualdade é tan elusiva como a materia escura". Vera Rubin.



Svante Arrhenius sentou as bases da comprensión do cambio climático causado polo aumento de dióxido de carbono. Hoxe os seus estudos axúdanos a realizar previsións sobre o futuro do clima da Terra.

Tamén propuxo a teoría que hoxe coñecemos como a Panspermia, interesante hipótese sobre a orixe da vida.

Imos crear un arquivo pdf cunha extensión entre 500 e 800 palabras que presentaremos aos nosos compañeiros.

Nese documento incluiremos os seguintes apartados:

a) Breve descrición do mundo que tocou vivir ao noso científico. Seguro que sabedes que a Lúa está máis cerca da Terra có Sol, pero cando alguén propuxo esa idea por primeira vez rompía co sentido común: o Sol é máis grande polo que parecía evidente que estaba máis cerca. Os científicos son parte da sociedade e traballan cos medios que esta ten. Por exemplo, hoxe podemos dar a volta ao mundo en barco con seguridade, pero hai cinco séculos era unha aventura que moitas veces remataba en desastre.

Por este motivo é fundamental que expliquemos como era o mundo no que vivía o noso científico: Había un país dominador? Estabamos en guerra? Coñeciamos a posición dos continentes? Había barcos de vapor?...

b) Breve biografía. Non é tan importante saber en que día naceu ou morreu o noso científico, con saber en que época viviu e traballou pode chegarnos. Tampouco adoita ser fundamental saber se casou ou tivo fillos, pero si que é moi interesante coñecer un pouco da súa forma de ser, das dificultades que atopou, da súa forma de ver o mundo.

c) Que achegou? É a parte máis importante do traballo. Ángeles Alvariño foi a oceanógrafa galega máis importante e dá nome a un dos buques de investigación oceanográfica do noso país. Que achegas proporcionou? Como é o buque oceanográfico ao que dá nome? Que expedicións realizou ou está realizando? Quen traballa nel? Como se traballa nun buque oceanográfico?...

d) Bibliografía e webgrafía

e) Selección de lugares na rede. Trátase de enlazar neste apartado dúas ou tres páxinas que vos chamaran a atención durante a busca. Algún vídeo que vos gustou, unha páxina curiosa... Xunto ao enlace debes xustificar a elección.

Etapas do traballo:

1. Buscamos información. Tedes enlazada na aplicación métodos para realizar unha boa busca na Internet, pero non esquezades que a vosa biblioteca seguro que ofrece moi bos libros nos que buscar información. En Internet está todo pero hai que [saber buscar](#).

2. Anotamos ideas. É importante ir tomando notas da información que atopamos.

3. Redactamos o traballo. Antes de empezar a redactar pensa e le as notas. Lembra que copiar e pegar non é unha boa idea á hora de facer un traballo posto que o produto final adoita rematar sendo incompreensible. Empregade as vosas propias palabras, que seguro que sae moito mellor.

4. Facemos unha presentación empregando prezi, openoffice...

5. Respectamos os [dereitos de autor](#). Cando empregades unha imaxe ou un texto que non sexa voso tedes que ter en conta que pode ter dereitos de autor. Nos buscadores tamén podemos filtrar por licenza. Dous exemplos:

6. Como tamén queremos que se respecte o noso dereito de autor faremos unha licenza de Creative Commons nesta [páxina](#). Elixide a licenza que queirades e incorporádea ao traballo.

7. Ao longo desta unidade viches moitas veces como se cita a fonte dunha imaxe. Lembra facelo no teu traballo.

8. Convertemos o arquivo en [pdf](#) e gardamos unha copia. Lembra que é importante ter máis dunha copia dun arquivo, así que enviádeo á aula virtual do centro, por correo...